

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2025

	Poboación a 1 de xaneiro de 2025	Poboación a 1 de xaneiro de 2024	Saldo (*)			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.714.741	2.705.833	-19.399	27.730	2.595	8.908
España	49.128.297	48.619.695	-116.056	626.268	0	508.602

Fonte: INE / (*) Os saldos vexetativos e migratorios non coinciden co saldo total calculado ao mediras diferenzas de poboación a 1 de xaneiro, posto que os primeiros son datos trasladados desde os padróns municipais que se ven modificados á baixa logo de facer comprobacións adicionais con outras bases de datos (SS, Facenda e outras) que permiten coñecer que persoas aínda empadroadas xa non residen en España.

Segundo datos facilitados polo INE en 2024 a poboación en Galicia incrementouse en preto de 9.000 persoas (o 0,33%), o que fixo de 2024 o terceiro ano consecutivo no que se rexistrou aumento da poboación no noso territorio. En termos porcentuais Galicia foi a segunda Comunidade Autónoma con menor incremento da súa poboación, tan só por diante de

Estremadura. O incremento deriva por completo do saldo migratorio -do cal o saldo migratorio exterior supuxo máis do 90%- e que compensou o saldo vexetativo negativo de -19.400 persoas rexistrado en 2024.

O incremento da poboación en España ficou preto das 510.000 persoas (o 1,05%), de novo debido ao saldo migratorio exterior, que compensou un saldo vexetativo negativo superior ás -116.000 persoas, dato que fai de 2024 o quinto ano consecutivo cun saldo vexetativo negativo que alcanza os seis díxitos.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2021-2025

	% (T/T-4)	2021	2022	2023	2024	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24	3T24	4T24	1T25	2T25	3T25
Galicia		8,9	4,3	2,4	2,8	0,3	20,5	7,8	6,9	5,8	5,6	3,3	2,6	3,2	1,6	2,1	2,7	2,3	3,0	3,2	2,8	2,9	2,6	2,2
España		7,4	6,4	2,5	3,5	-2,3	19,8	5,4	6,7	7,1	7,5	6,3	4,7	3,6	2,0	2,0	2,2	2,9	3,7	3,6	3,7	3,1	2,9	2,8

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

O PIB galego no terceiro trimestre de 2025 medrou en 0,5 puntos porcentuais, dato superior nunha décima ao crecemento rexistrado no trimestre anterior. Isto supuxo un crecemento de 2,2 puntos en termos interanuais, catro décimas menos do valor para este parámetro no trimestre anterior. O PIB en España medrou nun 0,6% respecto do segundo trimestre do ano, dato que se corresponde cunha suba do 2,8% en termos interanuais, valores que están en liña coas previsións avanzadas para este terceiro trimestre de 2025. Tal e como xa acontecera no pasado trimestre, o crecemento do PIB interanual foi inferior ao crecemento rexistrado no trimestre previo tanto en España como en Galicia.

As previsións para a evolución do PIB español no cuarto trimestre de 2025 é dunha suba do 0,8% intertrimestral e do 2,6% interanual. As previsións para o PIB galego non están aínda dispoñibles na data de peche deste *Boletín*.

Poboación activa, ocupación e paro

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.293,8	11,8	0,9	31,2	2,5
España	24.940,4	-59,9	-0,2	487,1	2,0

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do cuarto trimestre de 2025 apunta a un aumento da poboación activa galega en 11.800 persoas (o 0,9%) respecto do anterior, mentres que en España rexistrouse unha diminución do -0,2% logo

de que a poboación activa se vira reducida en -59.900 persoas. Con respecto do cuarto trimestre de 2024 rexistrouse crecemento da poboación activa tanto en Galicia como en España e, por segundo ano consecutivo, a poboación medrou en Galicia en termos porcentuais máis do que medrou en España, logo de acadar un crecemento interanual do 2,5%. Trátase do maior crecemento interanual porcentual rexistrado en Galicia en toda a serie histórica da EPA.

O número de persoas ocupadas en Galicia medrou en 7.500 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 0,6%), dato superior en preto de catro décimas á media española, logo de que a ocupación en España aumentara en 76.200 persoas (o 0,3%). En termos interanuais producíronse aumentos tanto en Galicia, cunha suba do número de persoas ocupadas de 33.700 (o 2,9%) como en España, onde o fixeron en 605.400 (o 2,8%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no cuarto trimestre de 2025 ata o 49,6%, taxa superior nunha décima de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en 3,5 puntos á taxa do 53,1% rexistrada en España neste trimestre, co cal o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España reduciuse nunha décima respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro, en Galicia rexistrouse un aumento do paro no trimestre de 4.400 persoas, o que supuxo un aumento do 4,2% en termos porcentuais, mentres que o número de persoas en paro en España reduciuse no trimestre nun total de -136.100 persoas paradas máis (o -5,2%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, a redución do paro en Galicia foi inferior á de España, logo de que o paro baixara en -2.500 persoas, o que representa unha redución interanual do paro do -2,3%, inferior ao -4,6% en España, onde a diminución do paro respecto ao derradeiro trimestre de 2024 ficou en -118.400 persoas. Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica no 8,3%, mentres que en España pasou a ser do 9,9%.

Contratación

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses de outubro a decembro de 2025 recollen a sinatura de 179.003 novos contratos, o que representa unha diminución de preto do -20% aos asinados entre xullo e setembro. Respecto do acontecido fai catro trimestres a contratación aumentou por riba do 4%, co que este parámetro ven de amosar crecemento por terceiro trimestre consecutivo.

Respecto á distribución por sexos dos novos contratos, a diferenza entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres superou os 2.100 novos contratos a favor delas (50,3% do total asinado fronte ao 49,7%). En termos porcentuais a diferenza

foi ainda maior, logo de que o número de novos contratos asinados por homes diminuíra en máis de sete puntos respecto do acontecido entre as mulleres. Na comparanza cos datos do cuarto trimestre de 2024 os novos contratos asinados por mulleres supuxeron máis do 70% do total do incremento, o que se traduciu nun aumento porcentuais de preto de catro puntos máis nos novos contratos asinados por mulleres respecto dos de homes.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
4T25	179.003	-43.124	-19,4%	7.757	4,5%
Homes	88.440	-26.320	-22,9%	2.269	2,6%
Mulleres	90.563	-16.804	-15,7%	5.488	6,5%
<30 anos	66.441	-24.427	-26,9%	6.508	10,9%
entre 30 e 44 anos	61.026	-9.752	-13,8%	-44	-0,1%
>44 anos	51.536	-8.945	-14,8%	1.293	2,6%
Indefinido	54.645	-7.911	-12,6%	1.978	3,8%
Temporal	123.516	-34.041	-21,6%	5.547	4,7%
Prácticas / Formación	697	-666	-48,9%	11	1,6%
Outros	145	-506	-77,7%	221	-290,8%
Agricultura e Pesca	4.610	-4.347	-48,5%	465	11,2%
Industria	25.447	-3.664	-12,6%	652	2,6%
Construción	6.053	-1.702	-21,9%	15	0,2%
Servizos	142.893	-33.411	-19,0%	6.625	4,9%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Por rangos de idade, en termos intertrimestrais, tanto os aumentos como as reducións de novos contratos asinados adoitan ser maiores entre as persoas máis novas e este trimestre non foi unha excepción: deste xeito, o descenso da nova contratación foi moito máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (preto do -27%) e foron o único grupo de idade para quen o número de novos contratos diminuíu máis do incremento medio e fíxoo en máis de sete puntos porcentuais. Porén, os novos contratos asinados polos menores de 30 anos en decembro incrementáronse respecto ao mes anterior, único mes e rango da serie analizada no que se rexistrou aumento. En comparación co que acontecera no cuarto

trimestre do 2024 o rango de persoas traballadoras de menor idade foi de novo o protagonista, logo de que o incremento no número de novos contratos entre este grupo de idade superara en máis de seis puntos porcentuais o incremento medio. Pola súa banda, os contratos asinados polas persoas traballadoras de 45 ou máis anos medraron en preto do 3% e o asinados polas persoas de idade intermedia mesmo se viron reducidos respecto do cuarto trimestre de 2024 (-0,1%) tal e como xa acontecera no trimestre anterior.


A sinatura de novos contratos reduciuse para todos os sectores de actividade respecto do terceiro trimestre, destacando de xeito especial o sector agrícola-pesqueiro cun número de novos contratos asinados inferior ao do trimestre pasado en preto da metade. Os menores descensos tiveron lugar na industria, pese ao cal dita diminución superou con facilidade os dous díxitos. Por terceiro trimestre consecutivo, os novos contratos no sector servizos representaron o 79% do número total, o que fai que o comportamento deste sector defina a grandes trazos o do conxunto. Respecto de fai catro trimestres a contratación medrou en todos os sectores, se ben na construción o incremento foi testimonial (0,2%). O sector primario foi o único no que o aumento de novos contratos respecto do derradeiro trimestre de 2024 superou o 10%.

De xeito análogo ao que sucede na análise por sectores co sector servizos, o comportamento global por tipo de contrato asinado é moi dependente do que faga a contratación temporal, e neste trimestre diminuíu en preto do -22% respecto do anterior. Pola súa banda a contratación indefinida nova viuse reducida respecto do anterior trimestre en pouco menos do -13%, mentres que as outras dous categorías, numericamente menos relevantes, presentaron aínda maiores diminucións. Respecto do cuarto trimestre de 2024 as contratacións indefinida e temporal novas medraron en preto do 4% e 5% respectivamente. Na categoría de En prácticas / formación os novos contratos asinados apenas medraron e os denominados como Outros amosaron unha fortísima redución respecto de fai catro trimestres, aínda que o escaso número de contratos asinados en termos xerais nestas dúas categorías fan que desviacións desa magnitude sexan máis habituais.

Afiliación media á Seguridade Social

	A filiación media mensual 4º trimestre 2025 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	outubro	novembro	decembro	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa
Galicia	1.102.984	1.100.638	1.097.288	-1.018	-2.346	-3.350	-0,09%	-0,21%	-0,30%	19.608	19.517	17.715	1,81%	1,81%	1,64%
España	21.839.592	21.825.233	21.844.414	141.927	-14.359	19.181	0,65%	-0,07%	0,09%	507.079	522.770	506.452	2,38%	2,45%	2,37%

Fonte: IGE Anótem e de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



A afiliación media en Galicia pecha o derradeiro trimestre do ano cunha redución do seu número de máis de -6.700 persoas respecto da rexistrada ao remate do trimestre anterior, diminución que acadou máis forza segundo avanzou o trimestre. A afiliación media en España medrou no mesmo período en preto de 147.000 logo de se manter a tendencia habitual neste trimestre de forte incremento da afiliación en outubro e máis cativo en decembro, incrementos que adoitan compensar o peor comportamento deste parámetro que, de cote, se produce en novembro. O gráfico recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais e nel pódese apreciar como segue a crecer en Galicia e acada deste xeito 57 meses consecutivos de crecemento interanual. Respecto da afiliación media rexistrada ao peche do terceiro trimestre de 2025 o ritmo

de crecemento da afiliación media interanual acadou en outubro e novembro valores por riba do 1,8%, para volver á contorna do 1,6% en decembro, mentres que en España non se produciron variacións porcentuais significativas respecto do rexistrado nos tres meses anteriores ao manterse o crecemento da afiliación media ao redor do 2,4%. Deste xeito, o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto a España reduciuse de xeito cativo e rematou o ano un pouco por baixo do 0,7%.

O análise da afiliación media mensual á Seguridade social de persoas traballadoras por conta allea, desagregada por tipo de contrato, tamén amosa unha diminución da afiliación respecto do que acontecera tres meses atrás (o -0,5%). A pesares do aumento da contratación indefinida tanto a tempo completo como, de xeito sobranceiro, a tempo parcial, o incremento non foi suficiente para compensar a caída na contratación fixo-descontinua (preto do -10% respecto ao mes de setembro) e o descenso do -6,7% na contratación temporal a tempo completo. A contratación de aprendizaxe, formación e prácticas tamén se reduciu con forza neste intervalo de tempo.

Afiliação media ao Réxime Xeral da Seguridade Social por tipo de contrato (Galicia, decembro 2025)					
	Afiliación ao peche decembro 2025	Afiliación ao peche setembro 2025	Variación porcentual a 3 meses	Afiliación ao peche decembro 2024	Variación porcentual a 12 meses
Variación absoluta	847.853,2	852.248,1	-0,5%	829.315,4	2,2%
Contratación indefinida	643.367,6	641.908,3	0,2%	630.703,3	2,0%
a tempo completo	493.359,3	491.244,5	0,4%	481.787,8	2,4%
a tempo parcial	119.261,9	116.702,1	2,2%	117.341,2	1,6%
contratos fixos-descontínuos	30.746,4	33.961,7	-9,5%	31.574,2	-2,6%
Contratación temporal	118.383,3	124.565,5	-5,0%	117.104,4	1,1%
a tempo completo	87.310,0	93.560,8	-6,7%	86.425,7	1,0%
a tempo parcial	31.073,3	31.004,8	0,2%	30.678,7	1,3%
Contratos de aprendizaxe, formación e prácticas	2.822,2	3.606,5	-21,7%	4.929,6	-42,8%
Outros	83.280,2	82.167,8	1,4%	76.578,2	8,8%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social

Respecto do peche do ano 2024 a afiliación media ao Réxime Xeral en Galicia aumentou nun 2,2% logo de que na contratación indefinida (categoría que supón máis do 75% da afiliación media) se rexistraran incrementos na contratación a tempo parcial e completa, e de que durante 2025 tivera lugar un importante crecemento da afiliación dentro da categoría cualificada como Outros (preto do 9%). A contratación temporal tamén medrou, aínda que o fixo a menor ritmo ca indefinida, e os contratos de aprendizaxe, formación e prácticas seguen a descender con forza (preto do -43% menos nos últimos 12 meses).

Sinistralidade

Ao remate do mes de setembro de 2025 o número dos accidentes con baixa medrou nun 2,4% respecto do mesmo período de 2024 segundo os datos facilitados polo ISSGA. Se atendemos á gravidade do accidente, o incremento limitouse aos considerados como leves, mentres que os graves diminuíron máis do -6% e os mortais o fixeron en preto do -10%. Por sectores o comportamento foi dispar: para os sectores agrícola e da construción rexistráronse reducións na sinistralidade con independencia da gravidade do accidente, mentres que na industria a sinistralidade aumentou en cada un dos grupos de accidente por gravidade. Para rematar, os accidentes leves e mortais diminuíron na pesca, pero aumentaron os graves nun 50%, mentres que no sector servizos tiveron o comportamento oposto (diminución dos accidentes graves e aumento do resto de tipos).

Atendendo á sinistralidade desagregada por sexos aprécianse diferencias importantes: Mentres que o conxunto os accidentes laborais de mulleres aumentaron máis que os dos homes (un 3,3% fronte ao 2,0% nos homes) atendendo a gravidade dos accidentes pódese ver que, canta maior é a gravidade, menor é a porcentaxe de mulleres dentro do total, xa que as mulleres representan o 30,1% dos accidentes leves, o 16,4% dos graves e o 10,5% dos accidentes mortais. Cada unha destas porcentaxes varían en menos dun punto porcentual respecto das rexistradas en 2024. Por sectores

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade e gravidade en Galicia (Xaneiro-Setembro 2024/2025)

	Homes											
	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	649	626	-3,5	18	12	-33,3	5	3	-40,0	672,0	641,0	-4,6
Pesca	427	370	-13,3	18	27	50,0	4	1	-75,0	449,0	398,0	-11,4
Industria	4.000	4.225	5,6	47	58	23,4	3	6	100,0	4.050,0	4.289,0	5,9
Construción	3.004	2.979	-0,8	87	64	-26,4	11	9	-18,2	3.102,0	3.052,0	-1,6
Servizos	5.539	5.721	3,3	86	79	-8,1	15	15	0,0	5.640,0	5.815,0	3,1
Total	13.619	13.921	2,2	256	240	-6,3	38	34	-10,5	13.913,0	14.195,0	2,0

	Mulleres											
	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	174	162	-6,9	4	8	100,0	0	1	-----	178,0	171,0	-3,9
Pesca	50	48	-4,0	0	0	-----	0	0	0,0	50,0	48,0	-4,0
Industria	868	941	8,4	2	10	400,0	2	0	-----	872,0	951,0	9,1
Construción	26	30	15,4	0	0	-----	0	0	0,0	26,0	30,0	15,4
Servizos	4.678	4.815	2,9	45	29	-35,6	2	3	50,0	4.725,0	4.847,0	2,6
Total	5.796	5.996	3,5	51	47	-7,8	4	4	0,0	5.851,0	6.047,0	3,3

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Setembro 2024/2025)

	Homes											
	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	3.157,3	2.964,6	-6,1	87,6	56,8	-35,1	24,3	14,2	-41,6	3.260,2	3.035,6	-7,1
Pesca	3.473,0	3.122,1	-10,1	146,4	227,8	55,6	32,5	8,4	-74,1	3.651,9	3.358,4	-8,0
Industria	3.844,2	3.999,7	4,0	45,2	54,9	21,6	2,9	5,7	97,2	3.892,2	4.060,3	4,3
Construción	4.106,6	3.961,9	-3,5	118,9	85,1	-28,4	15,0	12,0	-20,4	4.240,6	4.059,0	-4,3
Servizos	1.685,5	1.704,7	1,1	26,2	23,5	-10,0	4,6	4,5	-2,0	1.716,2	1.732,7	1,0
Total	2.528,2	2.533,9	0,2	47,5	43,7	-8,1	7,1	6,2	-12,3	2.582,8	2.582,7	0,0

	Mulleres											
	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	1.439,1	1.414,2	-1,7	33,1	69,8	111,1	0,0	8,7	-----	1.472,2	1.492,8	1,4
Pesca	1.301,4	1.337,1	2,7	0,0	0,0	-----	0,0	0,0	0,0	1.301,4	1.337,1	2,7
Industria	1.956,3	2.097,4	7,2	4,5	22,3	394,2	4,5	0,0	-----	1.965,3	2.119,7	7,9
Construción	319,5	352,4	10,3	0,0	0,0	-----	0,0	0,0	0,0	319,5	352,4	10,3
Servizos	1.060,1	1.070,1	0,9	10,2	6,5	-36,8	0,5	0,7	48,9	1.070,8	1.077,2	0,6
Total	1.137,1	1.156,7	1,7	10,0	9,1	-9,4	0,8	0,8	-1,7	1.147,9	1.166,5	1,6

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

tamén aparecen distintos comportamentos entre os sexos: O sector servizos, o máis feminizado, presenta moita maior sinistralidade entre as mulleres que o resto (45,7% dos accidentes totais, fronte a o 20,6% das persoas traballadoras accidentadas na agricultura, o 18,2% na industria, o 11,5% no sector pesqueiro). Pola súa banda, as traballadoras tan só supuxeron o 1% do total de accidentes na construción.

O análise da sinistralidade en función dos índices de incidencia amosa un incremento do 0,6% en total, incremento que se orixinou de xeito sobranceiro entre as traballadoras, logo de que os índices para os homes se mantiveran constantes respecto dos de 2024, con reducións dos graves e mortais así como nos sectores primario e da construción, mentres que os índices de incidencia medraron entre as mulleres para todos os sectores aínda que, se atendemos á gravidade dos accidentes e tal e como aconteceu entre os homes, tan só medraron os de tipo leve.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Outubro 2025)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	39	12	7.002	2.765	30.050	22.313
España	520	-84	270.761	78.610	578.310	-45.491

Estadística de huelgas y cierres patronales . Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

Os datos recollidos ata outubro de 2025 na *Estadística de huelgas y cierres patronales* do Ministerio de Trabajo e Economía Social indican que en Galicia ven de producirse un cambio na tendencia descendente da conflitividade rexistrada ata o mes de xuño. Deste xeito, o número

de folgas aumentou un 44% respecto do mesmo período de 2024, tendencia alcista que tamén se presenta tanto as xornadas non traballadas (65%) mentres que o número de xornadas non traballadas como consecuencia das folgas estivo preto de se triplicar respecto ao período xaneiro-outubro de 2024 (288%). En España o número de folgas realizadas continuou a súa tendencia á baixa durante os primeiros dez meses do ano (-19%) e tamén o fixo o número de horas traballadas en preto do -9%. Porén, o número de persoas traballadoras participantes en folgas aumentou en preto do 41% respecto do acontecido no mesmo período de 2024.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Decembro 2024-2025

	TOTAL		DESPEDIMENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE XORNADAS			
	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	
	Absolutas		En %		Absolutas		En %		Absolutas		En %		Absolutas	
Galicia	12.083	2.126	21%		1.488	-147	-9%		10.076	2.075	26%		519	198
España	124.921	-64.282	-34%		41.200	3.828	10%		78.303	-64.786	-45%		5.418	-3.324

(Datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social nas súas Estadísticas de expedientes de regulación de emprego)

Os datos recollidos ao remate de 2025 na *Estadística de expedientes de regulación de empleo* amosan un aumento do 21% no número de persoas traballadoras en ERE en Galicia, dato que contrasta coa redución do -34% rexistrada en España nese período. Ao comparar a evolución por tipo de expediente entre Galicia e España obsérvanse comportamentos opostos: así, o número de persoas traballadoras afectadas por ERE de despedimentos colectivos reduciuse nun -9% en Galicia mentres aumentaron en España nunha porcentaxe similar. Porén, a afectación dos ERE de suspensión de contratos (sempre os que afectan a máis persoas) aumentou en Galicia no 26%, e a de redución de xornadas aínda máis, logo de acadar un aumento do 62%, mentres que en España os ERE por suspensión de contratos afectaron a un -45% menos de persoas traballadoras e os de redución de xornada afectaron a 5.418 persoas traballadoras, un descenso do -38%.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2025

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.253	64.006,7	274	76,3%	234	89,0%
Sociedades que ampliaron capital	276	79.639,6	41	-25,0%	16	19,5%

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Os datos do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)* para o cuarto trimestre de 2025 recollen un aumento no número de novas sociedades respecto do trimestre anterior do 28%, aumento que se viu acompañado dun incremento do capital invertido respecto daquel trimestre superior ao 76%. Respecto do derradeiro trimestre do ano anterior tamén medraron tanto o número de novas sociedades mercantís constituídas (23%) como o capital invertido nelas (o 89%). Pola súa banda, o número de sociedades que ampliaron capital aumentou respecto do terceiro trimestre en máis do 17%, se ben o capital ampliado amosou unha redución do -25%. Fronte ao acontecido fai catro trimestres o número de sociedades que ampliaron capital incrementouse en máis do 6% e o capital aumentado medrou preto do 20%.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2025

	4T25	3T25	4T24
Sociedades disolvidas	436	224	435
Sociedades que reducen capital	64	52	71
Sociedades en situación concursal	84	54	70

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de empresas disolvidas aumentou ata case o dobre (94%) respecto das que o fixeron no terceiro trimestre de 2025. Respecto do derradeiro trimestre de 2024 mantivéronse case constantes -tan só unha sociedade disolvida mais que entón-. Pola súa banda, o número de sociedades que reduciron capital tamén medrou respecto do trimestre pasado (23%) pero foron preto dun -10% menos das que reduciron capital no cuarto trimestre de 2024. Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que entraron en concurso de acredores superou en máis dun 55% ás rexistradas no pasado trimestre e aumentaron nun 20% con respecto do acontecido no cuarto trimestre de 2024. Rexistráronse seis procesos de escisión de empresas, catro mais que no trimestre anterior e dous máis que fai catro trimestres, mentres que os procesos de fusión ficaron en 20 fronte aos 12 do pasado trimestre e os 23 de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar o ano 2025, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 38 ditames sobre normativa laboral autonómica, seis máis dos emitidos durante 2024.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o ano 2025 tiveron entrada no AGA 115 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 15 menos das que foron recibidas no mesmo período de 2024. Entre as 72 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (10 menos que no ano 2024), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 69,4%. Así mesmo, durante 2025 proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia e tiveron lugar na sede do Consello 51 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 12 Convenios colectivos de sector. En dous destes sectores, Perrucarías de Señora, Cabaleiro, Unisex e Salóns de Beleza de Galicia e Salas de Exhibición Cinematográfica de Galicia, esta actividade tivo como froito a sinatura dun Convenio colectivo para o sector.

Para rematar, e no que atinxe ao fomento do debate social no eido das relacións laborais, en 2025 tiveron lugar cinco xornadas de debate, un seminario para cadros sindicais e empresariais e tres cursos en colaboración con cada unha das Universidades públicas galegas. Nestas actividades participaron un total de 474 persoas.

NOTA: A Comisión Permanente do Consello Galego de Relacións Laborais ven de propoñer na súa xuntanza do pasado 30.01.2026 unha serie de modificacións no contido do Boletín de Información Sociolaboral. Ditas modificacións supoñen a supresión do apartado dedicado ao análise da evolución do paro rexistrado en Galicia e a modificacións na frecuencia e contido das análises da evolución do Produto Interior Bruto e dos Custos Laborais e Salariais en Galicia, que pasan a ter periodicidade semestral en lugar de trimestral.

No que atinxe a novos contidos a incluír, ademais dos datos de afiliación media desagregados por tipo de contrato, xa engadidos no noso núm. 43, este Boletín pasa a analizar, a partires deste número, os datos de sinistralidade desagregados por sexos así como unha análise da conflitividade en aqueles sectores especialmente feminizados. Para rematar, a evolución do número de empresas desagregada por número de traballadores na empresa tamén será analizada, con periodicidade anual, en posteriores números do Boletín de Información Sociolaboral.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>